

Factores internos e externos nos cambios fonolóxicos no galego actual

1. Introducción

Neste traballo presentamos dous cambios fonolóxicos que se están a producir no galego actual, rexistrados desde hai varias décadas e que continúan a desenvolverse. A lingua galega encóntrase en contacto co español de maneira máis ou menos intensa en todas as capas da poboación, ao que se acrecenta o contacto coa lingua estándar nos últimos 30 anos. Tanto o español como a lingua estándar exercen unha influencia importante sobre as falas de todo o territorio, e diferentes cambios na gramática, na fonética e na prosodia son atribuíbles a contacto co español ou coa lingua estándar. Tamén se describen cambios que non parecen obedecer a esas causas, porque actúan en direccións diverxentes tanto da lingua española coma do estándar.

Dous deses cambios son modificacións do sistema de sibilantes e na pronuncia da gheada en áreas do occidente da Coruña, o primeiro deles é visto como un cambio interno, mentres que o segundo parece estar relacionado coa influencia do español. Neste traballo presentamos algúns dos primeiros resultados das investigacións iniciadas no marco do proxecto «Cambio lingüístico no galego actual¹», que se desenvolve no Instituto da Lingua Galega. Nos casos que imos presentar mostraremos que ambos cambios se comportan de maneira similar nas comunidades rurais que rexistramos.

Mais o noso interese neste caso céntrase sobre todo nos individuos resistentes ao cambio e que manifestan comportamentos lingüísticos diverxentes. Por unha parte, mostraremos que estes comportamentos afectan por igual os cambios lingüísticos en desenvolvemento, independentemente de que obedezan a factores internos ou externos. E por outro lado discutiremos a importancia de considerar factores sociolingüísticos para explicar os comportamentos observados.

2. Contacto de linguas na sociedade galega actual

A lingua galega encóntrase nunha situación de cambio lingüístico en diferentes niveis. Por unha parte, existe unha situación de bilingüismo social conflictivo entre galego e español, que ten sido definida como diglósica (Rodríguez 1976; Rojo 1981). O galego, lingua cooficial desde 1981, está presente no ensino, na administración

¹ Financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad, referencia FFI2012-33845.

local e autonómica, e nalgúns medios de comunicación, así como en diferentes áreas da actividade social (política, cultura). Mais diferentes enquisas e estudos mostran que o galego perde falantes en favor do español: en 1992 falaba galego de maneira constante ou habitual o 68,6% (MSG 1992); nos 12 anos que van de 1992 a 2004 o uso (manifestado) do galego como lingua habitual baixou del 53% ata o 38,4% no tramo de idade de 15 a 54 anos (MSG 2004).

Esta situación fai que se produza unha situación de contacto entre galego e español, especialmente nas capas sociais galegofalantes. O español é a lingua de prestixio, mentres que o galego é vista máis como unha lingua da comunidade. Por outra parte, o proceso de normalización que se desenvolveu nos últimos 30 anos levou á aparición dunha variedade estándar da lingua galega, que está presente no sistema escolar, nos medios de comunicación (radio, televisión), en teatro, conferencias, comunicación política, etc. En moitos casos, trátase dun galego falado por persoas procedentes de capas de fala española ou moi influídas polo español, o que ten efectos notables na fonética e na prosodia, ademais da sintaxe ou o léxico.

Trátase por tanto dunha situación de contacto a diferentes niveis: por unha parte co español (nos medios de comunicación, na escola, na interacción en núcleos urbanos), e con outras variedades máis prestixiadas de galego: estándar (medios de comunicación, escola), modelos de galego público influídos polo español.

3. Cambio lingüístico nunha comunidade rural

O presente traballo forma parte do proxecto «Cambio lingüístico no galego actual», que aínda está nas súas primeiras fases, e que se desenvolve en conxunción cun proxecto que tamén estamos a poñer en marcha no Instituto da Lingua Galega: o «Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega» (CORILGA). Con este corpus pretendemos poñer en rede unha ampla base de datos de lingua falada, con textos orais aliñados co arquivo de voz e anotados a diferentes niveis, fonéticos, gramaticais, textuais e discursivos.

Dado que o número de datos que actualmente temos analizado aínda é reducido, en todo caso insuficiente para ofrecer un tratamento cuantitativo, esta intervención limitarase a presentar algunhas cuestións teóricas e a realizar unha análise fundamentalmente cualitativa. O que vou presentar son, pois, máis ben indicios e hipóteses de traballo ca resultados completos e elaborados. Aínda que o proxecto non se limita á lingua oral actual, nesta presentación centrareime nunhas gravacións e en datos do que podemos chamar «galego popular», ou «rural», se o preferirmos.

Nun estudo sobre falas do norte da Península Ibérica, Inés Fernández Ordóñez mostrou que as comunidades estables, con fortes lazos internos e escasa mobilidade, tenden a desenvolver distincións gramaticais pouco frecuentes: «the appearance of new grammatical distinctions, which are rare from a typological perspective, seems to be more frequent in stable societies with strong ties and little mobility, regardless of whether bilingualism is present» (2012, 97).

Neste caso estamos, en principio, investigando en comunidades dese tipo. Se tomamos como referencia o grupo de falantes enquisados en Corzón (Mazaricos), no occidente da provincia da Coruña, catro informantes manteñen lazos familiares entre si e todos se apelidan Moledo. A distribución deste apelido na xeografía galega² mostra que ten unha alta frecuencia neste concello e nos limítrofes, e que está bastante circunscrito a certas áreas xeográficas de Galicia. Todo parece indicar que os portadores deste apelido se mantiveron nesta área durante séculos, seguramente desde a Idade Media.

Mais esta comunidade está sometida a un proceso que Dixon (1997) chamou *punctuation* (interrupción): a sociedade rural transformouse dramaticamente nun período moi breve, coa emigración e éxodo ás cidades, a ruptura das estruturas produtivas tradicionais e xurdimento de industrias agrarias, abandono da tradición cultural oral. Todo isto mostra que estas «comunidades rurais», supostamente illadas, están sometidas a intensos procesos de cambio por factores externos.

Por outra parte, a idea de que as comunidades rurais, preferentemente as que se encontran en territorios montañosos, son estables e se manteñen inmóbiles desde etapas antigas responde en parte a unha realidade (como se ve pola distribución areal dos apelidos dos habitantes), mais tamén é en boa parte unha visión construída desde as sociedades urbanas (cfr. Medeiros 2006, 305-313). Neste caso, un informante de 64 anos estivera traballando durante varios anos en Euskadi e en Liechtenstein. Isto leva a que debamos matizar a idea de «comunidade illada».

Eses procesos de transformación levan a cambios lingüísticos máis visibles nas capas máis aparentes da lingua (léxico, fraseoloxía, aspectos de gramática), mais tamén cremos que debe ter efectos rastrexables en todos os outros niveis: discurso, fonoloxía, fonética. Centrarémonos na parte fonética, dado que é o aspecto máis marcado e a través do que se efectúan numerosas «estigmatizacións» (cfr. Mugglestone 2003).

4. Cambios fonolóxicos en galego actual

Na lingüística galega existe unha conciencia aguda do cambio lingüístico que se está a producir nas últimas décadas e atribúense de maneira xeral ao contacto co español. É dicir, atribúense a factores externos. Certamente esa parece ser a causa de moitos dos cambios observados, mais non o é noutros casos.

No eido da fonoloxía e da fonética, os cambios máis notorios afectan á lateral palatal, ao vocalismo tónico e átono, á gheada e ao sistema de sibilantes en certas variedades de galego. Neste traballo centrarémonos nestas dúas últimas cuestións.

² V. <<http://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=MOLEDO>>

4.1. *Sibilantes: sistemas descritos e cambios en curso*

Deixando á parte o sistema de sibilantes do galego da Limia, que se caracteriza por presentar sibilantes sonoras contrastivas (González 1991, 536-541), no galego actual coexisten tres sistemas de sibilantes:

A: Estándar: [θ]/[ʝ]/[f] - fin de palabra: [θ]/[ʝ]

Ex.: *caza* [θ]/*casa* [ʝ]/*caixa* [f] – *casas* [ˈkaʝəs]

B: Seseo laminoalveolar: [s]/[ʃ]: fin de palabra [ʃ] (~ [ɣ])

Ex.: *caza* = *casa* [s]/*caixa* [ʃ] – *casas* [ˈkaseʃ] (~ [ˈkaseɣ])

Variante: [s]/[ɣ] ~ [ʃ], fin de palabra [ʃ]

Ex.: *caza* = *casa* [s]/*caixa* [ɣ] – *casas* [ˈkaseʃ] ~ [ˈkaseɣ]

C: Seseo apicoalveolar: [ʃ]/[ʝ]: fin de palabra [ʃ]

ex.: *caza* = *casa/caixa*

Ex: *caza* = *casa* [ʃ]/*caixa* [ʝ] – *casas* [ˈkaʝəs]

O sistema A é o máis extenso, e encóntrase no galego oriental, central e en parte do occidental, e ademais é o da variedade estándar. O sistema C encóntrase en falas próximas á ría da Arousa e na área de Compostela, e B no occidente da provincia da Coruña, así como en zonas próximas á costa da provincia de Pontevedra. Os sistemas A e C mantéñense de maneira estable, mais no sistema B están a darse procesos de cambio. Por unha parte, a fricativa lámino-postalveolar [ʃ] en certas áreas pasou a ser realizada como ápico-postalveolar (representada como [ɣ], cfr. Vidal 1993) ou como ápico-alveolar, tal como rexistra o ALGa en 18 puntos.

A primeira documentación destes procesos foi presentada por Manuel González no CILPR en 1986 (González 1991), hai por tanto 27 anos. A súa descrición estaba baseada nos datos do ALGa (1999), que foran recollidos entre os anos 1974 e 1976. Entre os datos de González e os que recollemos nós hai, por tanto, case 40 anos de distancia.

Segundo González (1991, 547), o subsistema de sibilantes, en certas áreas, encóntrase «nun proceso de fonda transformación», en particular porque en áreas de seseo predorsodental, como o occidente da provincia da Coruña, poden encontrarse un sistema de dúas fricativas sibilantes [s] e [ʃ] (correspondente ao galego estándar [ʃ] - [f]), convivindo con outro innovador, cunha única fricativa sibilante [ɣ], e ambos sistemas «están identificados con grupos sociais diferenciados pola idade». Este cambio foi constatado nalgunhas gravacións da zona.

En definitiva, trátase de pasar dun sistema de dúas fricativas contrastivas a unha:

Estándar	Sistema B		Innovador
[θ]			
[s̺]	[s̺]	⇒	[s̺]
[ʃ]	[ʃ] ~ [s̺]		


Táboa 1: Evolución do sistema B ao sistema innovador.

Se temos en conta que a lingua estándar ten sistema tres de fricativas sibilantes (V. *Táboa 1*), resulta evidente que este cambio transcorre en dirección contraria ao estándar, e parece obedecer a factores internos. Trataríase, en termos fonolóxicos, da desfonoloxización da oposición existente polo trazo [$\pm$ anterior]. Téñase en conta que o sistema fonolóxico do español é semellante neste punto ao galego, con tres fricativas [θ] [s̺] [x].


No máis extenso e detallado estudo acústico sobre as fricativas galegas, Labraña (2005) caracterizou as sibilantes do sistema B, entre as que puido identificar tres realizacións diferentes, que a autora etiqueta como /s1/, /s2/ e /s3/, a partir de LPC de 6 polos (que dá como resultado curvas con tres picos), efectuados sobre os espectros destas fricativas:

- [s1] O pico 1 presenta maior intensidade e menor largo de banda. Os tres picos distribúense nas frecuencias baixas, medias e altas, cun perfil normalmente descendente. En termos articulatorios corresponde a unha fricativa lámino-alveolar [s] ou a unha realización máis avanzada, lámino-dental [s̺].
- [s2] O pico 2 é máis elevado e de menor largo de banda. Perfil de dobre pendente. Corresponde xeralmente a unha realización lámino-alveolar [s].
- [s3] Predominan as altas frecuencias, co pico 3 de alta intensidade. Tamén o pico 1 pode ser alto. A realización articulatoria é normalmente ápico-alveolar [s̺].

Gravacións realizadas en Esteiro (Muros) hai varios anos con mulleres de tres xeracións permiten constatar a perda da fricativa do tipo [s3], presente nas falantes das xeracións media e avanzada, mentres que a falante máis nova presenta sibilantes do tipo [s1].




Imaxe 1: espectro e LPC de [s] en así (M75)



Imaxe 2: espectro e LPC de [ʃ] en facíamos (M18)

Non obstante, nas nosas gravacións realizadas no concello de Mazaricos, varios falantes da xeración nova (30-35 anos), non só manteñen de maneira consistente a oposición entre [s] e [ʃ], senón que tamén conservan de maneira clara a fricativa [sʃ]:



Imaxe 3: espectro e LPC de [s] en mazán (H35)

4.2. *Gheada*

En numerosos estudos no galego actual sinálase que a pronuncia da *gheada* está a sufrir un cambio observable entre diferentes xeracións. Como se sabe, a *gheada* consiste no paso da oclusiva ou da aproximante velar voceada [g] ~ [ɣ] a unha fricativa. O ALGa recolle para as voces *figado*, *chegar*, *agulla*, *gando*, *galo* e *gorxa* (ALGa 1999, mapas 167-169; 176-178) unha pronuncia moi maioritaria [h], fricativa farínxea non voceada, e tamén a fricativa velar non voceada [x] presente sobre todo nas áreas costeiras.

No único estudo acústico levado a cabo sobre estas fricativas, Labraña / Oosterzee (2003, 946-947), cabo destas pronuncias rexistran un amplo rango de sons que inclúe a fricativa palatal non voceada [ç], as fricativas uvulares non voceada [x] e voceada [ɣ], a fricativa farínxea voceada [ʃ], a fricativa glotal voceada [ɦ] e a aproximante uvular [ʁ].

En numerosos estudos sobre o galego falado detectouse un cambio xeracional, consistente en que as realizacións farínxeas e glotais dan paso á fricativa velar [x] nas xeracións máis novas. Así o constata Couceiro (1976, 28): «no todos los hablantes realizan la gheada del mismo modo. Generalmente las personas de más edad tienden a una fricación laríngea, en unos casos sorda [h] y en otros sonora [ɦ]. Sin embargo, las generaciones jóvenes adelantaron tanto la articulación de la aspirada que, en algunos hablantes, puede confundirse con la velar fricativa sorda castellana». Cfr. tamén Taboada (1979, 56-58).

A percepción deste cambio esténdese, en maior ou menor grao, por todo o territorio do galego con *gheada*. Dolores Míguez (1996, 46-51) constata que en Viceso (concello de Brión) unha parte da xente nova abandonou a *gheada* ou incorporou a fricativa velar, en tanto que outros manteñen a realización fricativa farínxea, que é a maioritaria entre a xente máis vella. En Riós, no sur leste do territorio de *gheada*, dinos Feijoo Ares (2001, 72-81) que as realizacións maioritarias son a farínxea e a glotal, mais a velar [x] «é a realización xeral na fala dos novos tanto nos castelanismos como nas palabras patrimoniais dos poucos nos que se rexistra a *gheada*». Tamén en Cangas, segundo Margarita González (2003, 83-85), os falantes conservadores teñen [h], mentres que a xente nova pronuncia [x]. En esquema:

[h] ~ [h] → [x]

En case todos os traballos que notan este cambio se indica a semellanza coa pronuncia do español, e de maneira implícita ou explícita suxírese que o contacto é a razón pola que se produce. Trataríase, por tanto, dun cambio externo, inducido por contacto co español.

En diferentes gravacións do noso corpus constátase esa diferenza entre xeracións. Así en Esteiro (Muros), as xeracións maior e media presentan de maneira xeral [h] farínxea, mentres que a xente máis nova ten [x]. En Negreira o paso prodúcese de [h] a [x].

Nalgúns casos encontramos a velar [x] tamén nas xeracións máis vellas. Nas gravacións de Mazaricos e Dumbría só unha informante da xeración maior presentou [x] na xeneralidade dos casos, mentres que todos os demais manteñen [h] e [h̃]. Das informantes máis novas de Dumbría, só unha mantén as pronuncias tradicionais, mentres que outras dúas teñen [x] como única realización.

Non obstante, os falantes novos de Mazaricos (30-35 anos) pronuncian de maneira regular [h] ~ [h̃]: *un gol* [uŋ'hɔl], *hai guerra* ['aj'fiere], entre outros exemplos. Tamén neste caso estes falantes se mostran como elementos resistentes ao cambio.

4.3. Outras variables: aspiración de -s final

Un fenómeno menos descrito é a chamada «aspiración» da sibilante en posición final, que aparece de maneira esporádica en moitas falas galegas, e de maneira máis frecuente en falas do occidente da Coruña. Os falantes da xeración nova de Mazaricos presentan a seguinte distribución de realizacións fonéticas en posición de coda silábica (téñase en conta que en final de palabra seguida de vogal, a fricativa resilábase e pasa a estar en inicial de sílaba: *tres a.nos* > *tre.sa.nos*, e por tanto os procesos posléticos de atrasamento ou de aspiración non actúan):

- [s̺] en coda silábica interior de palabra
- [s̺] ([s̺]) final de frase fonolóxica.
- [h] final de palabra en interior de frase de entoación (FE) ante consoante

Ex. Maz-H35: *tres cans* [treh'kãŋs]

Nunca el traía as vacas atrás [ah'βakeŋ a'traŋ]

Neste caso, se comparamos as realizacións en diferentes falantes de Mazaricos nun treito de discurso libre, as porcentaxes que resultan son as seguintes para a posición de coda en fin de palabra anteconsonántica, en interior de FE (p.e.: [treh'kãŋs]):

<i>Informante</i>	% [h]	% [ɬ]	% [s]
Maz-H35	84,61	5,77	9,62
Maz-H64	51,61	48,39	3,23
Maz-M70	78,95	15,79	5,26

Táboa 2: porcentaxes de realizacións para [s] final de palabra en interior de FE (Mazaricos)

Os falantes máis novos presentan porcentaxes similares (Maz-H30, aínda que cun número baixo de datos) ou superiores (Maz-H35) de aspiracións ca os falantes das xeracións máis avanzadas. Durante a realización das enquisas fonéticas, mantéñense as porcentaxes de aspiración neste contexto (91,67 % de [h] no falante Maz-H35) aínda que aquí o número de exemplos é reducido.

En final de FE, a miúdo ante pausa ou ante inflexión tonal, esta aspiración, en cambio, non se produce, pero si o retraemento da sibilante ata a posición postalveolar, tamén nunha proporción máis alta ca nas xeracións maiores:

<i>Informante</i>	% [ɬ]	% [s]	% [h]
Maz-H35	27,5	72,5	0
Maz-H64	84,62	11,54	3,85
Maz-M70	83,33	16,67	0

Táboa 3: porcentaxes de realizacións para [s] final de palabra en final de FE (Mazaricos)

Para termos un punto de comparación, podemos contrastar estes resultados cos dos falantes de Dumbría que presentan un modelo de lingua conservador, cun sistema de sibilantes idéntico ao de Mazaricos. Estes falantes da xeración maior presentan porcentaxes similares ás das xeracións maiores de Mazaricos, sobre todo a Maz-H64:

<i>Informante</i>	% [h]	% [ɬ]	% [s]
Dum-M65	50,75	1,49	47,76
Dum-H70	57,14	38,10	4,76

Táboa 4: porcentaxes de realizacións para [s] final de palabra en interior de FE (Dumbría)

De maneira notable, as tres falantes novas que enquisamos en Dumbría non presentan nin un só caso de aspiración en 37 minutos de conversa, nin tampouco durante a realización das enquisas. Tampouco rexistramos ningún caso de [s] final.

Por tanto, os grupos de xente nova en ambos casos desvíanse do comportamento mostrado polos falantes de xeracións máis vellas, mais en sentidos diverxentes: as falantes de Dumbría cara á lingua estándar, aínda que só parcialmente (na aspiración), e cara ás pronuncias non tradicionais na súa área (no caso da gheada), mentres que os falantes máis novos de Mazaricos se desvían no sentido contrario, presentando as pronuncias máis características da zona, e algúns dos trazos nun grao cuantitativamente superior aos das xeracións maiores.

Téñase en conta que todos estes trazos (seseo, gheada, aspiración, «palatalización») están altamente estigmatizados como característicos de falas rurais, e marcan unha separación nítida coa fala das clases «educadas» e coa lingua estándar. De feito, unha veciña dos informantes de Dumbría, de 13 anos, afirmou durante a realización da enquisa: «Aquí non se fala ben o galego». Valoracións similares poden encontrarse noutras falas con estas características (Cfr. González 2003, 118 para a fala de Cangas).

Estes comportamentos lévannos á idea de que cada unha destas variables lingüísticas non se pode estudar de maneira illada, senón que todas elas parecen actuar de maneira conxunta para configurar un modelo de lingua, conservador e desviado do estándar. Ata o momento prestamos atención a tres variables (sistema de sibilantes, gheada, aspiración), pero nos diálogos e nas conversas os informantes novos que mostraron os trazos máis tradicionais presentaron tamén algún outro, como o emprego do chamado «e paragórico», unha vogal que se engade en posición final de palabra con diferentes xustificacións prosódicas:

Ex. Maz-H35: *Vaise casar* ['bajsi'kesari]

Esto son... son os coxóns do polo [esto'soŋi | 'soŋohko'foŋhðo'polo]

5. Discusión

Nos procesos de cambio lingüístico os estudos están orientados a miúdo a identificar os líderes ou os que promoven eses cambios (p.e. Labov 2006). Non obstante, tamén resulta de interese identificar os individuos que se resisten ao cambio, como ocorre cos falantes gravados en Mazaricos.

En diferentes estudos tense sinalado que existen resistencias ao cambio, xeralmente persoas comprometidas coa súa comunidade que perciben a variedade local como símbolo de pertenza (Labov 1963; Milroy 1980). Aínda que habitualmente se trata de falantes de idade media ou avanzada, tamén se encontran individuos novos que se mostran resistentes ao cambio, como se ten mostrado en Escocia (McIntosh 1961, 85; Marshall 2004, 4). Xeralmente son persoas comprometidas co seu grupo social e que mostran preferencia pola súa propia variedade non-estándar, como un símbolo de pertenza ben valorado (Giles et al. 1987, 587; Marshall 2004, 48).

Este tipo de comportamentos obsérvase sobre todo cando se trata de cambios que obedecen a factores externos e nos que a variedade local se enfronta a variedades de maior prestixio. Mais neste traballo non encontramos diferenzas entre cambios por factores externos ou internos. Aínda que a evolución do sistema de sibilantes poida atribuírse a causas internas e os cambios da pronuncia da gheada á influencia do español, a difusión de ambas innovacións parece seguir o mesmo comportamento. Creo que a situación descrita ilustra ben a idea defendida por Croft (2006, 123):

Speakers belong to multiple speech communities, and so there is always contact between these communities. The codes used in each domain overlap to a great extent although they also differ. There is always 'interference' between the codes used in the multiple speech communities in a society. In other words, in terms of social organization, internal structure is not much different from external social relations, and the processes of language change are therefore not that different.

O modelo evolucionista de Croft fai unha distinción entre a innovación e a difusión (ou selección), na mesma liña en que Coseriu (1978³) distinguía *innovación* e *adopción*. Non existe cambio ata que unha innovación é «adoptada» por outros falantes (Coseriu 1978³, 78-80). A cuestión crucial é, por tanto, a razón pola que algunhas innovacións se difunden (ou, en termos de Croft, son seleccionadas) e outras non. Para Croft (2000, 39) son factores sociais os que gobernan o proceso: «empirical evidence indicates that linguistic selection is governed largely if not exclusively by social forces that have little or nothing to do with functional adaptiveness for communication» (v. tm. p. 32).

Neste sentido se pronuncian tamén De Vogelaer / Seiler (2012, 8): «The most significant contribution of sociolinguistics to historical linguistics in general is probably that it has been demonstrated time and again that one cannot fully understand the emergence, spread and loss of a linguistic feature without taking account social facts such as society structure, group identity, or social network».

A integración na comunidade e as actitudes respecto da cultura e dos valores da propia comunidade (o que Marshall 2004 mide a través do que chama *mental urbanisation*) mostráronse como factores significativos en diferentes comunidades rurais dos Alpes austríacos (Lippi-Green 1989), Escocia (Marshall 2004) ou unha comunidade da área metropolitana de Granada (Melguizo 2007). Neste traballo mostramos indicios de que os cambios lingüísticos nas comunidades rurais galegas non poden entenderse sen estudar os factores sociolingüísticos en que se inscriben.

6. Conclusión

A investigación que estamos a iniciar non permite realizar aínda un tratamento que sexa estatisticamente significativo, mais contamos con poder facelo nun futuro próximo. Neste avance quixemos mostrar a necesidade de ter en conta as actitudes ante as variedades locais de fala e cara á propia comunidade, aos seus valores, e en definitiva, a necesidade de contar coa identidade social que os falantes constrúen a

cada volta nas súas interaccións lingüísticas. Os datos iniciais con dous grupos de falantes de diferentes xeracións de dúas áreas rurais do occidente da Coruña así o indican.

Por outra parte, e de acordo cunha liña de traballos de crecente interese na socio-lingüística e dialectoloxía, consideramos necesario explorar a percepción dos cambios. É dicir, adoptar a perspectiva do oínte, non só a do falante (Bigham 2008, 48).

Tradicionalmente vistas como homoxéneas, desde o punto de vista social e lingüístico, as pequenas comunidades rurais están sometidas a procesos de cambio que afectan de maneira desigual os seus membros. As actitudes e a valoración da súa propia comunidade, a súa integración nela, parecen xogar un papel relevante no seu comportamento lingüístico. Un estudo fondo e detallado destes factores parece necesario para comprender os procesos que se producen no seu seo e, alén diso, permitirá discutir cuestións fundamentais na difusión dos cambios lingüísticos.

Instituto da Lingua Galega /
Universidade de Santiago de Compostela

Xosé Luís REGUEIRA

Referencias bibliográficas

- ALGa = Instituto da Lingua Galega, 1999. *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 3, *Fonética*, A Coruña, Barrié de la Maza.
- Bigham, Douglas S., 2008. «The evolutionary-emergence model of language change», in: De Vogelaer / Seiler, 33-51.
- Coseriu, Eugenio, 1978³ [1957]. *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*, Madrid, Gredos [Publicado antes en *NRFH* 15, 1957, 201-355].
- Couceiro Pérez, José Luís, 1976. *El habla de Feás*, Santiago de Compostela, USC (Verba anexo 5).
- Croft, William, 2000. *Explaining language change. An evolutionary approach*, Harlow, UK, Longman.
- Croft, William, 2006. «The relevance of an evolutionary model to historical linguistics», in: Nedergaard Thomsen, Ole (ed.), *Competing models of linguistic change. Evolution and beyond*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins, 91-132.
- De Vogelaer, Gunther / Guido Seiler (ed.), 2012. *The Dialect Laboratory. Dialects as a testing ground for theories of languages change*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins.
- Dixon, R.M.W., 1997. *The rise and fall of languages*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Feijoo Ares, Vicente Javier, 2001. *A fala de Riós. Contribución ó estudio da dialectoloxía galega*, TIT, Facultade de Filoloxía – Univ. de Santiago de Compostela.
- Fernández Ordóñez, Inés, 2012. «Dialectal areas and linguistic change. Pronominal paradigms in Ibero-Romance dialects from a cross-linguistic and social typology perspective», in: De Vogelaer / Seiler, 73-106.
- Fernández Rei, Francisco, 1990. *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.

- Giles, Howard et al., 1987. «Research on language attitudes», in: Ammon, Ulrich et al. (ed.), *Sociolinguistics. An international handbook of the science of language and society*, Berlin, de Gruyter, 585-597.
- González González, Manuel, 1991. «Subsistemas de sibilantes do galego actual», in: Kremer, Dieter (ed.), *Actes du XVIII CILPR (Trier, 1986)*, Tübingen, Niemeyer, vol. 3, 531-548.
- González González, Margarita, 2003. *El gallego hablado de Cangas de Morrazo*, Tese de Doutoramento, Univ. de Oviedo.
- Labov, William, 1963. «The social motivation of a sound change», *Word* 19, 273-309.
- Labov, William, 2006. *Principios del cambio lingüístico*. Vol. 2, *Factores sociales*, Madrid, Gredos.
- Labraña Barrero, Sabela, 2005. *Estudio acústico das consoantes fricativas do galego*, Tese de Doutoramento, Univ. de Barcelona.
- Labraña Barrero, Sabela/Oosterzee, Carlos van, 2003. «An acoustic approach to Galician gheada», in: Solé, M.J. et al. (ed.), *Proceedings of the 15th International Congress of Phonetic Sciences (Barcelona, 2003)*, Barcelona, Univ. Autònoma (CD-ROM).
- Lippi-Green, Rosina L., 1989. «Social network integration and language change in progress in a rural alpine village», *Language in Society* 18, 213-234.
- Marshall, Jonathan, 2004. *Language change and sociolinguistics. Rethinking social networks*, Houndmills, UK, Palgrave.
- McIntosh, Angus, 1961. *An introduction to a survey of Scottish dialects*, Edinburgh, Nelson.
- Medeiros, António, 2006. *Dois lados de um rio. Nacionalismo e etnografias na Galiza e em Portugal*, Lisboa, Impr. de Ciências Sociais.
- Melguizo Moreno, Elisabeth, 2007. *Convergencia y divergencia dialectal. A propósito del habla de Pinos Puente y sus contactos con Granada*, Tesis doctoral, Univ. de Granada.
- Míguez Iglesias, Dolores, 1996. «Seseo e gheada en Viceso (Brión)», *Cadernos de Lingua* 14, 39-57.
- Miroy, Lesley, 1980. *Language and social networks*, Oxford, Blackwell.
- MSG = Real Academia Galega, 1992/2004. *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992*, 2 vol., A Coruña, RAG / *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*, 2 vol., A Coruña, RAG.
- Mugglestone, Linda, 2003. *Talking proper. The rise of accent as social symbol*, Oxford, Oxford University Press.
- Regueira, Xosé Luís, 2009. «Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo», *Estudos de Lingüística Galega* 1, 147-167.
- Rodríguez, Francisco, 1976. *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*, Monforte, Xistral.
- Rojo, Guillermo, 1981. «Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia», *Revista Española de Lingüística* 11/2, 269-310.
- Taboada, Manuel, 1979. *El habla del valle de Verín*, Santiago de Compostela, USC (Verba anexo 15).
- Thomas, Erik R., 2002. «Instrumental phonetics», in: Chambers, J.K. / Trudgill, Peter / Schilling-Estes, Natalie (ed.), *The handbook of language variation and change*, Oxford, Blackwell, 168-200.
- Vidal Figueroa, Tiago, 1993. «Proposta descritiva das consoantes fricativas alveolodentais dos dialectos galegos», *Cadernos de Lingua* 7, 5-26.